

FUNCIONARIZACIÓN: RESOLUCIÓN LISTAXES PROVISIONAIS DETERMINADAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS GRUPOS IV e V

Santiago de Compostela 19/07/2021

Publicadas hoxe, en DOG, as Resolucións da DX da Función Pública, coas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas nos procesos convocados para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira de:

- ✚ **Corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2**, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V.
- ✚ **Agrupación profesional de persoal funcionario**, do persoal laboral fixo de varias categorías pertencentes ao grupo V.

Ambas Resolucións:

- Aprobán as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas correspondentes procesos.
- As listaxes de persoas aspirantes admitidas poderase consultar en:
http://www.xunta.es/rcp/listas/rcp_opo/opo_principal.jsp
- A listaxe de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo ás Resolucións.

Reclamacións:

- As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren en ningunha das listaxes, disporán dun **prazo de dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación das Resolucións no DOG, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión.
- As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

ANEXOS DAS RESOLUCIÓNS: RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS

C2	
Categorías 001-017-030-032	Auxiliar de gravación (...); almaceneiro/a (...); auxiliar de formación ocupacional; operador/a de datos do SDCIF
Categoría 003	Auxiliar sanitario, auxiliar de clínica
Categoría 005	Oficial/a 2ª de cociña
Categorías 006-018	Axudante/a servizos técnicos, oficial/a de segunda
Categorías 009-042	Oficial/a 2ª agrario, oficial/a establecemento
Categoría 011	Auxiliar de laboratorio
Categoría 016	Conductor/a
Categoría 035-036	Auxiliar de arquivos e bibliotecas; auxiliar de museos
Categoría 009-Grupo V	Celador/a de 2ª. Vixilante de recursos naturais
AGRUPACIÓN PROFESIONAL	
Categorías 001-011	Camareiro/a limpador/a; limpador/a
Categorías 008-010F	Peón/oa agrario/a; peón/oa forestal
Categorías 002-003-012-010E	Axudante/a traballos ou oficios; ordenanza; peón/oa. Laborante; vixiante de arquivos, bibliotecas e museos